

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Facúltanse o Goberno, os ministerios de Xustiza e de Educación e Ciencia e o resto de departamentos ministeriais competentes para ditan cantas disposicións regulamentarias fosen necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor desta lei.*

Esta lei entrará en vigor aos cinco anos da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 30 de outubro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**18873** *RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2006, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento e aplicación do Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados.* («BOE» 260, do 31-10-2006.)

A disposición derradeira cuarta da Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados (en diante Regulamento de radioafeccionados), faculta a Axencia Estatal de Radiocomunicacións (AER) para ditan as instrucións que considere necesarias para o desenvolvemento e aplicación do devandito regulamento, así como para actualizar o contido técnico dos seus anexos. Así mesmo, a disposición transitoria segunda da mesma orde establece que, ata a efectiva constitución da AER, a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á xestión do dominio público radioeléctrico por afeccionados continuará correspondendo aos órganos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que a tiñan atribuída ata a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Na súa virtude, dispoño o seguinte:

Primeiro.–Apróbanse as instrucións que desenvolven o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados aprobado por Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, que figuran como anexo a esta resolución.

Segundo.–Quedan derogadas as seguintes disposicións:

Resolución do 29 de setembro de 1986, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se ditan normas transitorias para a obtención de licenzas de estacións de afeccionado.

Resolución do 11 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se ditan normas transitorias para a obtención de licenzas de estacións de afeccionado.

Resolución do 13 de febreiro de 1987, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 10 de xullo de 1987, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, sobre a autorización de distintivos de chamada especiais a estacións radioeléctricas de afeccionado.

Resolución do 6 de marzo de 1990, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifica o anexo I do Regulamento de estacións de afeccionado aprobado por Orde do 21 de marzo de 1986.

Resolución do 4 de decembro de 1991, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal e experimental, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 MHz a 50,2 MHz.

Resolución do 8 de abril de 1992, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se autoriza a utilización temporal para o servizo de afeccionados de determinados distintivos de chamada especiais.

Resolución do 27 de xullo de 1994, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establecen o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal e experimental, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 MHz a 50,2 MHz.

Resolución do 7 de marzo de 1995, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifica a do 13 de febreiro de 1987, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 5 de febreiro de 1996, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se modifican as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 7 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 a 50,2 MHz.

Resolución do 28 de marzo de 2005 pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos para a utilización da banda de 50,0 a 51,0 MHz.

Resolución do 16 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información, pola que se modifica a do 13 de febreiro de 1987, pola que se aproban as instrucións para a aplicación do Regulamento de estacións de afeccionado.

Resolución do 13 de xullo de 2005, da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, pola que se modifica a do 7 de maio de 1997, da Dirección Xeral de Telecomunicacións, pola que se establece o procedemento, as condicións e os requisitos necesarios para o outorgamento de autorizacións, con carácter temporal, a titulares de estacións de afeccionado para a utilización da banda de 50,0 a 50,2 MHz.

Igualmente queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango en todo o que se opoña a esta resolución.

Terceiro.–A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 20 de setembro de 2006.–O secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, Francisco Ros Perán.

## ANEXO

### Instrucións para a aplicación do Regulamento de uso do dominio público radioelétrico por afeccionados

#### 1. Obxecto.

As presentes instrucións desenvolven o Regulamento de uso do dominio público radioelétrico por afeccionados (Regulamento de radioaficionados) aprobado pola Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, precisando a aplicación administrativa daqueles aspectos tratados xenericamente nel.

2. Características técnicas das emisións e condicións de funcionamento das estacións de radioaficionado.

O anexo I do Regulamento de radioaficionados específica, de forma global, as bandas de frecuencias atribuídas ao Servizo de Afeccionados e Afeccionados por Satélite, así como as características técnicas das emisións, en cada unha delas, entendéndose estas como valores máximos permitidos.

As emisións na banda de frecuencias 50,0-51,0 MHz, mentres existan restricións xeográficas de uso, realizaranse de acordo coas condicións e características técnicas seguintes:

Potencia máxima do equipamento: 100 W.

Ganancia máxima da antena: 6 dB.

Largo de banda máximo: 12 kHz.

Clases de emisión: as indicadas no anexo I do Regulamento de radioaficionados.

Limitacións xeográficas das localizacións de emisión:

Provincias desde as cales non se poderán efectuar as emisións:

Ávila, Guadalajara, Madrid, Segovia, Soria, Toledo e Valladolid.

Provincias con limitacións parciais:

Palencia e Burgos: poderanse realizar emisións en puntos situados ao norte do paralelo 42.º N 20' 00",

Zamora e Salamanca: poderanse realizar emisións en puntos situados ao oeste do meridiano 5.º W 40' 00",

Cuenca: poderanse realizar emisións en puntos situados ao leste do meridiano 2.º W 30' 00" e ao mesmo tempo ao sur do paralelo 41.º N 00' 00".

Cáceres: poderanse realizar emisións en puntos situados ao sur do paralelo 40.º N e, pola súa vez, ao oeste do meridiano 5.º W 30' 00".

Sen prexuízo da obtención das autorizacións especiais que procedan, a autorización de radioaficionado habilita o seu titular a efectuar emisións en calquera das bandas atribuídas ao Servizo de Afeccionados ou Afeccionados por Satélite, sendo susceptible de autorización calquera equipamento ou estación que, cumprindo co especificado no artigo 23.2 do Regulamento de radioaficionados, dispoña de capacidade de funcionamento en todas ou parte das devanditas bandas de frecuencias, respectando en calquera caso as características técnicas especificadas no citado anexo I para cada unha delas.

A autorización de equipamentos capaces de funcionar noutras bandas de frecuencia, ademais das atribuídas ao Servizo de Afeccionados ou Servizo de Afeccionados por Satélite, entenderase, en calquera caso, referida exclusivamente ao uso destas últimas. A utilización destes equipamentos para emisións distintas das do Servizo de Afeccionados e Afeccionados por Satélite precisará das autorizacións que en cada caso procedan.

3. Exames para a obtención do Diploma de Operador.

A Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información (SETSI), convocará os exames para a obtención do diploma que habilita para operar

estacións do Servizo de Afeccionados e Afeccionados por Satélite. As probas e materias de exame para a obtención do diploma de operador, segundo se determina no artigo 13 do Regulamento de radioaficionados, figuran no anexo I das presentes instrucións.

#### 4. Solicitude da Autorización de Radioaficionado.

Obtido o diploma de operador conforme o procedemento establecido no artigo 14 do Regulamento de radioaficionados, poderase solicitar a autorización administrativa que faculta para operar as estacións de afeccionado, autorización que comportará a asignación do distintivo de chamada. Á solicitude xuntarase xustificante de ter realizado o ingreso das taxas de telecomunicacións prevista no anexo I da Lei xeral de telecomunicacións na contía que determinen as disposicións regulamentarias de taxas en vigor.

#### 5. Validez da autorización de radioaficionado.

1. A autorización de radioaficionado ten carácter indefinido, non obstante, de acordo co artigo 8 do Regulamento de radioaficionados, o seu titular ten a obriga de comunicar cada cinco anos a súa intención de seguir utilizando o dominio público radioelétrico. O prazo para efectuar a primeira comunicación será do 1 de outubro ao 30 de novembro do ano en que cumpra o seu quinto de vixencia, e posteriormente cada cinco anos no mesmo prazo.

2. Sen que medie ánimo de lucro nin contraprestación económica ningunha, as asociacións de radioaficionados legalmente recoñecidas poderán efectuar, en representación dos seus asociados, as comunicacións a que se refire o parágrafo anterior. Para tal efecto remitirán inicialmente escrito de autorización do socio interesado e para comunicacións posteriores certificación actualizada de pertenza a ela.

A representación producirá efecto, entrementes o radioaficionado afectado non lle comunique á Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións a súa revogación.

3. O artigo 8 do Regulamento de radioaficionados establece as causas de revogación da autorización de radioaficionado. A revogación da autorización de radioaficionado comportará a cancelación das licenzas de equipamentos ou estacións asociadas a ela reguladas no artigo 25 do Regulamento de radioaficionados.

4. Tras a revogación, se é o caso, da autorización de radioaficionado, a adquisición polo interesado dunha nova autorización rexerese por procedemento xeral descrito no punto 4 destas instrucións.

#### 6. Clases de estacións.

No anexo I do Regulamento de radioaficionados especificanse as diferentes clases de estacións utilizables no Servizo de Afeccionados e Afeccionados por Satélite. Con suxeición ás condicións prescritas no seu título III, nunha única licenza de estación de afeccionado poderán ser consignadas as combinacións das diferentes clases de estacións.

7. Autorizacións de instalación de estacións de radioaficionado.

As solicitudes de autorización de montaxe de calquera instalación radioelétrica de radioaficionados a que se refiren os artigos 23 e 27 do Regulamento de radioaficionados, xunto coa documentación indicada no devandito artigo 23, presentaranse nas xefaturas provinciais de Inspección de Telecomunicacións que resolverán a súa aceptación ou denegación mediante resolución motivada. Como anexo II a estas instrucións inclúese o modelo de memoria técnica descritiva da instalación que deberá cubrir o solicitante.

A resolución a que se refire o artigo 24 do Regulamento de radioaficionados, pola que, se é o caso, se autoriza o interesado a efectuar a montaxe da estación establecerá os pazos de execución e demais condicións que lle sexan de aplicación, entre as que se incluírá a exigencia ou non de que a instalación sexa efectuada por un instalador de telecomunicacións inscrito no Rexistro de Empresas Instaladoras de Telecomunicacións.

Unha vez efectuada a instalación, o interesado comunicarllo á xefatura provincial correspondente nun prazo máximo de 20 días, xustificando documentalmentemente, de forma fidedigna, que a responsabilidade a que se refire o artigo segundo da Lei 19/1983, do 16 de novembro, está cuberta na forma que se sinala no artigo 20 do regulamento por que se determinan as condicións para instalar no exterior dos inmobles as antenas das estacións radioeléctricas de aficionado, aprobado polo RD 2623/1986, do 21 de novembro, así como, se é o caso, o boletín sinalado no artigo 23.4 do Regulamento de radioaficionados.

#### 8. Licenzas de equipamentos e estacións.

O procedemento que deberán seguir os interesados para obter licenzas de uso de equipamentos ou estacións de radioaficionados será o seguinte:

a. Equipamentos comerciais con marcación CE e documentación:

Os interesados deberánlle remitir á Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións fotocopia do manual de usuario ou outro documento onde apareza a marcación do equipamento e que conteña as características técnicas e identificación do equipamento, así como a declaración de conformidade realizada polo fabricante ou certificado de aceptación no caso de equipamentos postos no mercado con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro.

b. Equipamentos comerciais con marcación CE, sen documentación ou deficientemente documentados:

O equipamento, xunto coa documentación de que se dispoña, deberá ser presentado na Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións, que, tras a análise da documentación presentada, o estado de conservación do equipamento e, se é o caso, a realización de probas mínimas de funcionamento adecuado, poderá autorizar o equipamento ou exixir un certificado de cumprimento das características técnicas contidas no anexo I do Regulamento de radioaficionados expedido por un laboratorio acreditado.

c. Equipamentos de construción propia:

Deberán ser presentados na Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións conxuntamente cunha memoria descritiva que inclúa o diagrama de bloques e esquemas eléctricos e unha descrición do funcionamento básico do equipamento. O equipamento deberá reunir as condicións mínimas de montaxe que permitan a realización de probas que aseguren o cumprimento das características técnicas contidas no anexo I do Regulamento de radioaficionados, e, en calquera caso, os equipamentos disporán ou virán acompañados dos dispositivos necesarios para seren alimentados mediante conexión directa á rede pública de corrente alterna.

Aos equipamentos anteriormente legalizados nunha licenza de estación de aficionado seralles de aplicación a normativa en vigor no momento da súa autorización inicial.

9. Estacións colectivas e estacións automáticas desatendidas.

As estacións colectivas e as automáticas desatendidas precisarán para o seu funcionamento dunha autorización de radioaficionado individualizada, e seralles asignado un distintivo de chamada de acordo cos criterios especificados nos puntos 13 e 14 destas instrucións. Malia o anterior as estacións automáticas desatendidas que compartan titularidade e localización poderán estar amparadas por unha única autorización de radioaficionado.

10. Autorizacións especiais de uso do espectro radioeléctrico por radioaficionados.

De acordo co Regulamento de radioaficionados precisarán autorización especial.

As emisións radioeléctricas nas bandas de frecuencia relacionadas no artigo 19, atribuídas ao Servizo de Radioaficionados ou Servizo de Aficionados por Satélite, a título secundario.

As emisións de carácter experimental reguladas no artigo 20.

A tramitación de autorizacións especiais de uso do espectro por radioaficionados axustarase ao seguinte procedemento:

1. Os radioaficionados interesados dirixirán as solicitudes, acompañadas, se é o caso, dos documentos especificados no artigo 20 do Regulamento de radioaficionados, á Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións que corresponda con, polo menos, un mes de anticipación á data prevista para o comezo das emisións.

2. A autorización será nominativa, só habilitará para a realización de emisións ao seu titular, e outorgarase polo tempo necesario para a realización das probas e, en calquera caso, por un prazo máximo de dezoito meses, renovables en función do grao de despregamento doutros servizos que con carácter primario compartan a mesma banda de frecuencias, e a súa validez quedará condicionada, en todo caso, á da autorización de radioaficionado do seu titular.

3. Na autorización especial especificaranse as características técnicas das emisións así como, se é o caso, as zonas xeográficas en que, por incompatibilidade coa utilización do espectro radioeléctrico por outros servizos, non se poderán efectuar as emisións.

4. No caso de que se produzan interferencias con outros sistemas e especificamente a instalacións receptoras de radiodifusión de televisión, deberanse suspender de inmediato as emisións.

5. As estacións utilizadas deberán cumprir o especificado no punto 8 das presentes instrucións.

6. As emisións identificaranse co distintivo propio do radioaficionado ou asociación de radioaficionados solicitantes.

11. Modelos de solicitude e documentación complementaria.

Como anexo III a estas instrucións figura o modelo único de solicitude que hai que utilizar, e a documentación complementaria, en cada caso, para os diferentes tipos de peticións relacionadas co servizo de radioaficionados.

12. Autorización de radioaficionado para estranxeiros.

Aos estranxeiros residentes en España que cumpran co especificado no artigo 9 do Regulamento de radioaficionados poderalles ser expedida a autorización de radioaficionado, logo de solicitude e aboamento da taxa correspondente.

Así mesmo, nas condicións que se expresan no artigo 10 do Regulamento de radioaficionados, poderáselles



expedir autorización temporal de radioaficionado para operar a súa estación de aficionado a radioaficionados estranxeiros non residentes en España. O período de validez da autorización temporal que se expida non será superior a 90 días. O modelo de autorización temporal insírese como anexo IV ás presentes instrucións. A expedición desta autorización temporal non devengará taxa.

### 13. Composición dos distintivos de chamada.

Cada autorización de radioaficionado levará asociado un distintivo de chamada que identificará o seu titular nas misións efectuadas desde calquera estación asociada á devandita autorización. As estacións colectivas e automáticas desatendidas tamén levarán asociado un distintivo específico de chamada para cada unha delas. O distintivo de chamada estará constituído, secuencialmente, por un grupo alfanumérico do modo seguinte:

1. Prefixo: dúas primeiras letras dalgunha das series internacionais atribuídas a España no Regulamento de radiocomunicacións, coa seguinte clasificación:

EA, EB e EC para as autorizacións individuais ou estacións colectivas.

ED, EE e EF para usos temporais non especialmente significados, para a realización de concursos, experimentos, ensaios, demostracións e outros eventos de especial interese, a nivel nacional ou autonómico, en calquera caso logo de autorización da xefatura provincial correspondente, manténdose sen variación o resto do distintivo asignado con carácter permanente ao radioaficionado.

Para usos temporais de especial relevancia directamente relacionados coa radioafeción, ou para acontecementos con expreso apoio dalgunha entidade oficial relacionada co evento, e logo de autorización da xefatura provincial correspondente, poderán ser asignados os seguintes prefixos:

EG e EH, para eventos de carácter rexional, autonómico ou local.

AM e AN, para eventos especiais de relevancia nacional.

AO, para eventos especiais de relevancia internacional.

As estacións automáticas desatendidas utilizarán o prefixo ED.

2. Distrito: unha cifra, coincidente co número de distrito de residencia do titular da autorización, consonte a división xeográfica que se especifica a continuación, quedando reservada a cifra 0 (cero) para a súa asignación en circunstancias especiais:

Distrito 1. Provincias de Asturias, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ávila, Segovia, Soria, La Rioja, Burgos, Cantabria, Palencia, Valladolid, León, Zamora e Salamanca.

Distrito 2. Provincias de Bizkaia, Araba, Gipuzkoa, Navarra, Huesca, Zaragoza e Teruel.

Distrito 3. Provincias de Barcelona, Girona, Lleida e Tarragona.

Distrito 4. Provincias de Madrid, Toledo, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Badajoz e Cáceres.

Distrito 5. Provincias de Valencia, Alicante, Castellón, Murcia e Albacete.

Distrito 6. Illes Balears

Distrito 7. Provincias de Sevilla, Cádiz, Huelva, Granada, Málaga, Almería, Jaén e Córdoba.

Distrito 8. Provincias de Santa Cruz de Tenerife e Las Palmas.

Distrito 9. Ceuta e Melilla.

A utilización da cifra 0 poderá ser autorizada exclusivamente para distintivos de uso temporal con motivo de actos, exposicións, conmemoracións, etc., que sexan inauguradas ou visitadas por Súa Maxestade El-rei, ou ás cales estea vinculada a Casa Real, e unicamente o día da inauguración ou da visita de Súa Maxestade El-rei. Nestes

casos non será preceptivo o apoio expreso de entidades oficiais.

3. Sufixo: ata tres letras que se asignarán por orde alfabética, por quenda rigorosa de expedición (excluíndo os grupos de letras que expresan os sinais de socorro, urxencia e seguranza, DDD, PAN, SOS, TTT, XXX, e outras, así como as series de tres letras QAA a QZZ).

Os sufixos dunha, dúas e tres letras constituirán series independentes, que se irán compondo e asignando segundo rigorosa orde alfabética a partir do último asignado da serie EA, ata esgotar as súas posibilidades, continuándose coas series EB e EC.

Como norma xeral os sufixos constarán de tres letras, e a serie iniciarase coa combinación AAA.

Os sufixos de tres letras que comezan polas letras «Y» e «Z» reservaranse para as estacións automáticas desatendidas analóxicas e dixitais, respectivamente. Así mesmo, os sufixos de tres letras que comezan polas letras UR e RC ou RK reservaranse para estacións colectivas de asociacións de radioaficionados e radio clubs, respectivamente.

Os distintivos con sufixos de dúas letras poderán ser asignados a calquera radioaficionado que acredite cinco anos de práctica na radioafeción internacional e non fose sometido a expediente sancionador nos últimos cinco anos; asignaranse en función das disponibilidades existentes.

Os sufixos dunha letra reservaranse para a participación en concursos internacionais de alta competitividade por tempo limitado á duración do concurso ou para os concursos que se celebren dentro do ano natural de solicitude.

14. Criterios para a asignación dos distintivos de chamada.

Os criterios descritos no punto anterior aplicaranse de forma independente para cada un dos distritos xeográficos en que se divide o territorio nacional, asignando os distintivos de forma correlativa por data de solicitude.

O distintivo asociado á autorización de radioaficionado será único e non poderá ser modificado, salvo por algunha das causas que figuran nos parágrafos seguintes. Malia o anterior, excepcionalmente e por razóns obxectivas relacionadas cunha organización máis racional das comunicacións, ao titular dunha autorización de radioaficionado poderanlle ser asignados máis dun distintivo de chamada.

Os distintivos xa autorizados continuarán asignados aos seus actuais titulares; non obstante poderá ser solicitado simultaneamente á transformación da licenza de que sexa titular en autorización administrativa, o cambio do seu distintivo actual por uno novo que lles será asignado conforme o procedemento anterior, sen opción a preferencias, quedando anulado simultaneamente o anterior e dispoñible para unha nova asignación.

Agás o previsto no parágrafo anterior, a reasignación dos distintivos xa utilizados só se efectuará unha vez esgotadas todas as combinacións posibles. Non obstante, poderánselles reasignar distintivos dados de baixa que se encontren dispoñibles a familiares en primeiro grao se a baixa se produciu por falecemento do seu anterior titular, ou tras a adquisición dunha nova autorización tras a revogación, por calquera causa da autorización inicial.

Nos casos de cambio de domicilio que implique cambio de distrito, o interesado poderá solicitar manter o sufixo que tiña se este estivese dispoñible. En caso contrario seralle asignado un novo sufixo seguindo a orde establecida.

Un radioaficionado que utilice temporalmente unha estación fixa, móbil ou portable nun distrito distinto a que corresponde o seu distintivo de chamada, identificarase engadindo ao seu distintivo, a cifra do novo distrito.

A utilización de distintivos temporais requirirá a presentación dunha solicitude independente para cada evento que motiva a petición, indicando o período de utilización, o distintivo solicitado, o nome e o distintivo do solicitante (no caso de asociacións ou radioclubs a solicitude deberá ser asinada por persoa que o represente), o motivo da petición e o tipo de estación, propia ou colectiva formando unha estación única. Salvo por causas debidamente xustificadas, os períodos autorizados para un mesmo sufixo e peticionario non serán superiores a 20 días ao ano en caso de concursos, ensaios, estudos de propagación, festividades, conmemoracións de ámbito local, etc. nin superiores a un mes no caso de eventos de ámbito rexional ou autonómico.

## ANEXO I

### Materias de exame para a obtención do diploma de operador de estacións de afeccionado

#### PROBA PRIMEIRA

#### 1. Teoría da electricidade, electromagnetismo e radio.

1.1 Condutividade: Condutores, semicondutores e illantes. Intensidade, voltaxe e resistencia. Unidades: ampere, volt, ohm. Lei de Ohm. Leis de Kirchhoff. Potencia eléctrica. Unidade: o watt. Enerxía eléctrica. Capacidade dunha batería (ampere/hora).

1.2 Fontes de electricidade: Forza electromotriz, diferenza de potencial, corrente de cortocircuíto, resistencia interna e tensión nos terminais. Conexión de fontes de tensión en serie e en paralelo.

1.3 Campo eléctrico: Intensidade do campo eléctrico. Unidade: o volt/metro. Illamento dos campos eléctricos.

1.4 Campo magnético: Campo magnético nas proximidades dun condutor con corrente. Illamento dos campos magnéticos.

1.5 Campo electromagnético: Ondas de radio como ondas electromagnéticas. Velocidade de propagación e a súa relación coa frecuencia e a lonxitude de onda. Polarización.

1.6 Sinais sinusoidais: Representación gráfica no tempo. Valores instantáneo, máximo, eficaz e medio. Período e frecuencia. Unidade: o hertz. Diferenza de fase.

1.7 Sinais non sinusoidais: Sinal de audio. Ondas cadradas. Representación gráfica no tempo. Compoñente continua, sinal fundamental e os seus harmónicos. Ruído, ruído térmico, ruído de banda, densidade de potencia de ruído, potencia de ruído no largo de banda do receptor.

1.8 Sinais moduladas: Modulación por onda continua (CW). Modulación en amplitude: diversos tipos. Bandas laterais. Porcentaxe de modulación. Largo de banda. Sobremodulación e modo de evitala. Emisións en dobre banda lateral e en banda lateral única. Modulación en fase e en frecuencia. Desviación de frecuencia e índice de modulación. Portadora, bandas laterais e largo de banda. Formas de onda de CW, AM, SSB e FM e a súa representación gráfica. Espectro de CW, AM, SSB e a súa representación gráfica. Modulación dixital: FSK, 2PSK, 4PSK e QAM, velocidade binaria, velocidade de símbolo e largo de banda. Detección e corrección de erros (CRC e FEC).

1.9 Potencia e enerxía: Potencia dos sinais sinusoidais. Relacións de potencia expresadas en decibelios (dB). Relación entre potencia de entrada e potencia de saída en decibelios (dB) de amplificadores e/ou atenuadores conectados en serie. Adaptación e máxima transferencia de potencia. Relación entre as potencias de entrada e saída e o rendemento. Potencia na crista da envolvente (p.e.p).

1.10 Procesado dixital de sinal (DSP): Mostraxe e cuantificación. Mínima frecuencia de mostraxe (Frecuencia de Nyquist). Filtrado antisolapamento e de reconstrución. Conversión analóxica dixital (A/D) e dixital analóxica (D/A).

#### 2. Compoñentes.

2.1 Resistencias: Unidade: o ohm. Resistencias: diversos tipos. Código de cores. Característica de corrente/tensión. Disipación de potencia. Coeficientes de temperatura positivo e negativo (PTC e NTC).

2.2 Condensadores: Capacidade. Unidade: o farad. Relación entre a capacidade, as dimensións e o dieléctrico. Reactancia capacitiva. Relación de fase entre a tensión e a corrente. Características dos condensadores fixos e variables: aire, mica, plástico, cerámicos e electrolíticos. Coeficiente de temperatura. Corrente de fuga.

